CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2025/2
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 6 de febreiro de 2025 -

No día da data, ás 10:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
VALENTIN ALFONSÍN SOMOZA
LUCIA YESICA VECINO RODRÍGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025 (EXPEDIENTE 2025/A008/000004)
2. EMENDA DA SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2025 PARA OS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3. ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DA LICENCIA DE TAXI Nº 2 DO CONCELLO DE DODRO

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Empezamos ca sesión, co Pleno extraordinario, estaba previsto para hoxe ás 10 da mañá e co primeiro punto da orde do día."*

PROPOSTAS ORDINARIAS

1. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025 (EXPEDIENTE 2025/A008/000004)

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2025/A008/000004
ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025"
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Logo de ver as bases reguladoras do "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" (Boletín Oficial da Provincia número 233, do 3 de decembro de 2024).

Considerando a documentación que consta no expediente, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	35.021,86
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	83.268,08
Subtotal gasto corrente	118.289,94

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	Orzamento total
REHABILITACIÓN DO CENTRO DE ARTES ESCÉNICAS DE DODRO	125.909,90	-	-	-	125.909,90
Subtotal investimentos achega provincial 2025	125.909,90	-	-	-	125.909,90

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	Orzamento total
CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO	72.930,39	-	-	-	72.930,39
Subtotal investimentos achega provincial 2024	72.930,39	-	-	-	72.930,39

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

			Concello			
POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		**Deputación**	**Concello**	**IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)**	**Total concello**	**Orzamento Total**
A- GASTOS CORRENTES	**Achega 2025**	35.021,86				35.021,86
	Achega 2024	83.268,08				83.268,08
B- INVESTIMENTOS	**Achega 2025**	125.909,90	-	-	-	125.909,90
	Achega 2024	72.930,39	-	-	-	72.930,39
D- TOTAL	**Achega 2025**	160.931,76	-	-	-	160.931,76
	Achega 2024	156.198,47	-	-	-	156.198,47
	TOTAL	317.130,23	-	-	-	317.130,23

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles **(mínimo do 25% da achega provincia 2025)**	**(A) Orzamento de contrata**	**(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de**	**(C= A-B) Orzamento subvencionable (Diferencia entre a columna A e B)**

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

		abasteceme nto auga potable con IVE deducible)	
PISTA A VALO DO MANSELLE E OUTRO	37.761,03	-	37.761,03
CAMIÑOS EN EIRÓ E OUTRO	55.551,04	-	55.551,04
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA ENTRE A ESCOLA ABUÍN DE TEMBRA Á IGREXA DE SAN XOAN DE LAÍÑO	78.266,44	-	78.266,44
TOTAIS	171.578,51	-	171.578,51

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Documento asinado electronicamente

O alcalde

Francisco Xabier Catro Tourís."

Procede á lectura da proposta o voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE, Ramón Abuín Gómez.

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, moitas gracias. Un turno para cada portavoz, portavoz da a agrupación política Xente de Dodro."*

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Ben, pois bos días a todos. As obras, non responden ao interese xeral da veciñanza de Dodro, as inversións propostas, non forman parte de ningún plan que pretenda resolver os problemas dos veciños de Dodro. Pero o máis importante é que ao fronte destas inversións, se poñen os mesmos responsables das obras ilegais repartidas polo noso concello. Os responsables dun auditorio ilegal e ilegalizable, os responsables de recheos que incumpren a normativa, como a realizada en Reboiras e os mesmos responsables que consentiron e consenten, o vertedoiro ilegal do vertedeiro ilegal no monte de Bexo. E para iso tamén contan, como non, co apoio de persoas con responsabilidades técnicas, que so están aquí, enchéndose os bolsillos á conta dos veciños de Dodro, sen pudor ningún, so esperan ao 30 de cada mes, para encherse a súa bolsa particular. E todo isto, con absoluta tranquilidade, pois da igual o que propoñan vostedes, aí está o señor Vicente para apoiar a senda de mobilidade, e despois dicir que faltan as beirarrúas para seguir votando a favor de vostedes. Aí está o señor Vicente pedindo as obras de arranxo do polideportivo, que despois el mesmo, denuncia como trapalladas, pero que sin problema ningún, ven hoxe a apoiar a vostedes para que sigan facendo máis obras como esas. Grazas ao señor Vicente, os veciños de Dodro, xa teñen un cacho de pista formigonada para poder achegarse dende a aldea de Lestrobe ata o Santiaguiño. Gracias ao señor Vicente, temos a un responsable de un auditorio ilegal ao mando das obras no concello e grazas ao señor Vicente que vai por aí defendendo o medio ambiente, gracias ao señor Vicente, os veciños de Dodro, teñen o vertedoiro veciños de Dodro ilegal máis grande de Galicia. Si, ao señor Vicente, o que está moi preocupado por ALTRI pero no lle importa o medio ambiente de Bexo. E gracias ao señor Vicente, os veciños de Dodro, temos ao fronte do noso concello á persoa que permitiu facer as obras ilegais máis importantes de Galicia nos últimos anos. Pero que pretendía, eso si, abrir un expediente sancionador a unha veciña por tres filas de bloques. Son todos moi valentes señor Vicente, moi valentes, e coma todos os caciques, sempre atendendo ao seu propio interés e sen ningún tipo de principio, bueno, si teñen un principio, non ter principio algún."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Resultounos de todo inapropiado, enterarnos o día 14 de xaneiro, polas redes sociais de Unidade Veciñal, da maioría das obras incluídas neste POS, inapropiado, con falta de ética e falta de respecto aos outros grupos municipais, para a próxima deberían vostedes tamén negociar en que data e quen vai a facelo. Vannos a decir vostedes que estas obras son necesarias e que todos sabemos que había que facelas, pero como esas, hai moitas outras que hai que b facer e non creemos tanto nas coincidencias. A parte do importe que inclúen para gastos correntes, o arranxo das pistas en distintas aldeas do concello, entendemos que son necesarias, todas as obras que se fan no concello entendemos que son necesarias, ao igual que outras moitas que necesitan ser arranxadas, así coma outro tipo de arranxos como prazas, etc, etc, en diversas aldeas. Algunha das pistas que inclúen neste POS, so benefician a unha casa, ou como moito a dúas, habendo outras con mías necesidades de arranxo e que benefician a moitas máis*

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

vivendas e a moitos máis veciños. Esta é a proposta do equipo de goberno con Unidade Veciñal e ata nos atrevemos a decir, que tamén co BNG, así que xa teñen vostedes os apoios necesarios para aprobalo in extremis como sempre, sempre o último día para que a oposición non poida presentar emendas ou algunha solicitude de modificación. Nós non estamos en contra de facer obras no concello, evidentemente, pero do as obras do equipo de goberno e consideramos que hai outras tamén que son igual de necesarias."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Bos días a todos. Bueno, decir que as obras son froito da negociación política debido a minoría do goberno que ten que buscar apoios, esto é o máis normal en política, que busque apoios para aprobar as obras. Nós decir que a reunión que tivemos a Unidade Veciñal de Dodro co actual goberno, Ramón Abuín e o actual alcalde, Xabier Castro, o pasado 13 de xaneiro, presentamos unha proposta para este plan de obras e servizos, como facemos sempre, facemos propostas de 6 obras, que ao noso entender, son unha inversión ou eran inversións necesarias acometer para mellorar o noso Concello e facelo máis atractivo e que dea resposta ás necesidades da veciñanza. Mantemento de estradas en mal estado, reformas e construción de equipamentos culturais e recreativos. Presentamos as seguintes propostas ese día: en Teaio, presentamos a renovación do firme en aglomerado en quente na estrada, na entrada da Cruz de Avelán hasta Teaio, en Imo, a mellora da seguridade viaria mediante senda peonil dende a escola Abuín de Tembra á Igrexa, en Manselle, renovación do firme dende o cruce da horta da casa á parte norte da aldea, na Igrexa de Laíño, a renovación da Casa do Regadío e no Bosque, ca renovación e ampliación da área recreativa para convertela nunha área de xogo e recreativa útil, en Tallós, a cubrición do parque infantil. De todas as propostas, vemos que se inclúen catro das nosas, aínda que nalgunha , non é a que nós pedimos exactamente, como é a entrada a Teaio, que no nse renova todo o firme dende a Cruz de Avelán, se non que é a recta de entrada, deixando para outra ocasión ou para un futuro plan de camiños o resto. Dende Unidade Veciñal de Dodro, vemos máis adecuado que se fixera toda a estrada, pois quedará todo o tramo máis perigoso sen renovar, precisamente, dende aquí, xa lle solicitamos que inclúan este tramo pendente, no plan de camiños que remata o 18 de febreiro, o prazo para solicitar as axudas. En Manselle, solicitamos a renovación da estrada de acceso ao norte da aldea, dende casa do Vídeo, pero entende o goberno que ese tramo, hasta o Valo está en boas condicións, so se vai a acometer o fronte do Valo, onde están os contedores. En Imo, tamén se nos fai caso coa petición do sendeiro da escola Abuín de Tembra hasta a igrexa parroquial, que era unha petición dos veciños debido ao problema que supoñía baixar ou subir, polo medio da estrada, sobre todo, na parte do túnel, posto que non hai beirarrúa ningunha e tampouco, moita visibilidade e tamén a solicitude de incluír a Casa do Regadío, despois de saber que fora desestimada a subvención para o mesmo, esto fora unha demanda casi histórica dos partidos de esquerdas, que levamos nos nosos programas. É un deber deste goberno que a Casa doi Regadío este funcionando antes de que remate o seu*

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

mandato e rogamos que precisamente sexa a primeira contratación, unha vez aprobado este plan.
Dende a unidade Veciñal de Dodro, somos partidarios e así nolo fan chegar os pais e nais dos nenos e nenas usuarios, que teñamos un parque infantil que sexa útil durante todo o ano e para iso vemos necesario a cubrición do parque infantil da praza do Concello , que servir´`ia par o inverno, para que non se mollen os nenos e nenas e para que eno verán, se poñan á sombra. Esperamos que para o próximo ano o teñan en conta. Aproveitando aquí, para rogarlles que miren un pouco por este parque , que o teñen aquí ao lado, para que arranxen os elementos que están avariados ou rotos.

Unha das propostas, foi tamén a renovación e ampliación da área recreativa do Bosque, para convertela nunha área de xogo e recreativa útil, esta é unha das zoas mellor situadas no noso Concello, xa que está nun lugar onde se realiza sendeirismo, paseos en bicicleta, non hai tráfico de coches que supoñan perigo para os nenos e as nenas e xa temos auga e electricidade e tamén hai un lugar moi bo para aparcar. A idea era que se instalaran máis elementos no parque infantil para facelo atractivo, cubrir as parrillas e algunha mesa, ao mesmo xeito que hai na Fonte Primeiral, tamén co peche do perímetro co valado de madeira, en substitución so existente, que está totalmente desfeito.

En canto ás obras que se van realizar con este POS, esperamos que no se demoren tanto coma nos últimos, porque aínda están sen facer do ano, as do ano 2023, e con este ritmo de contratación, estas van facerse no ano 2027 e xa non sabemos se antes das eleccións municipais. E xa remato porque lembrarlle a todos, as obras que quedan por facer, por facer ou aínda non se remataron, porque quedan por facer:en Lestrobe, o Camiño de Santa Mariña ao cemiterio de Padrón. A Banda en Tarrío, o do Camiño da Marquesiña a Dodro, de Dodriño a Vigo, os accesos á AC-305 en Imo, a mellora dos viarios de Dodriño, o Camiño da Cruz de Avelán á Chisca, saneamento na Cancela Abrea, acondicionamento do entorno da escola de Lestrobe, mellora no viario en Bexo e pavimentación do camiño dende a AC-305 a Castro, a transversal de Teaio. Esperamos que non se apropien das estratexias de alcaldes anteriores de facer a s obras para o primeiro semestre do ano de eleccións. E bueno, no tema do financiamento dos gastos correntes, vemos que é unha cantidade similar á do ano pasado, que é o máximo permitido e preasignado polo organismo provincial."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Moi, boas. Primeiro felicitarnos, creo que todos, porque faise un esforzo polas inversións que aquí se detallan, aínda que non serían as mesmas inversións que faría o BNG, agradecemos, desde logo ao goberno, en minoría do PSOE, que tivera en conta o que sempre lava pedindo o BNG, máis grupos da reparación do que foi o desmantelamento da Casa Do Regadío polo anterior goberno do PP con Valentín Alfonsín á cabeza, eu creo que é unha moi boa nova, o feito de que esto poida empezar xa a coller color, non era sen tempo. Agradecidos tamén, porque*

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

o asfalto, segundo acabamos de escoitar, vai a ser en quente, é unha das demandas históricas do BNG, á hora de facer algún tipo de obras para chegar aos núcleos, moito mellor en quente para no ter que estar sempre encima destes camiños, que son as vías de comunicación principal as nosas aldeas e desde logo, o BNG vai a apoiar estas obras, aínda que dicimos sempre que nós faríamos outro tipo de estudos, vemos que hai outro tipo de necesidades, recordamos tamén que, xa neste mandato, falamos do abandono en cruceiros, en lavadoiros, en elementos patrimoniais, que a xente, non o BNG, se non que a xente reclama, que tamén estean a tendidos, igual que as aldeas de arriba, que se cadra, son as máis esquecidas, aínda que agora hai algunha partida destinada a eso. Pero tamén o apoio do BNG, vai a estar condicionado, estaremos pendentes de ver si se arranxa o muro de Imo, porque é un muro urxente que está a piques de caer, xa veu aquí varias veces ao Pleno e pedimos, que si non pode ser, evidentemente, en este conxunto de obras que ben a cargo de persoal municipal, a cargo de un obradoiro, a cargo de algún tipo de subvención, que se lle bote man, porque non o pide o BNG, pídeo a veciñanza, como ben sabe o goberno do PSOE que achegáronse aquí ao Concello para arranxar ese muro que corre perigo. Dito esto, insistir en que son obras que non colman as expectativas de toda a veciñanza, que non chegan a todas as aldeas do municipio, é lóxico, pero é unha boa nova que a Deputación que destine aínda que non chegue de todo, rápido como quere a xente, que cheguen este tipo de achegas que son benvidas e quen nos dera que a Xunta, pois tamén invertera dunha maneira democrática, así tamén nos concellos. Por todo isto, o BNG anuncia que vai a apoiar."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Un turno máis para o portavoz do Partido Socialista, por favor."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Indicarlle ao voceiro da agrupación XD, que bueno, hai que lembrarlle que vostede foi o único que votou en contra dun investimento do concello no POS, na primeira, alá polo ano 19, nunha proposta que poñía, vostede non está de acordo cos investimentos en Dodro, estaría máis de acordo cun investimento en Padrón, xa sabemos que vostede sabe facer de todo, hai unhas palabras, unhas manifestacións que fixo aquí, que os préstamos non se devolvían, pois bueno, temos unha merma sobre 60.000€ menos do POS, do POS que estamos aquí, porque hai que ir devolvendo os préstamos que vostede conseguiu, que lle concedeu a Deputación, e agora, agora hai que pagalos, non a vostede non lle, vostede non ten que pagalos, que va!, vostede xa é moito máis. Olvidémonos un pouco das siglas, ou das opcións políticas que defendemos, trátase dun investimento para o Concello, entonces, o que non entendemos é a súa postura de votar en contra no de antes, non sei agora, porque non manifestou o seu sentido do voto, pero bueno. Dicirlle a Marisol, ou á voceira do PP, de acordo cunha manifestacións que fixo, que son investimentos para o propio Concello, entonces, non serían os máis axeitados para cada un, cada un teríamos a oportunidade nunha proposta distinta, pero bueno, a finalidade é que para os veciños, que beneficien aos veciños de Dodro. E en canto ao voceiro de UVD, os cartos son os que son, Xoán Xosé, as obras, unha serie de obras que dixo que estaban pendentes, non sei si, eu creo que no anterior Pleno ordinario, o alcalde*

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

dou conta de varias que xa estaban adxudicadas, contratadas e adxudicadas, bueno, creo que case todas , salvo as do POS 2024 e hai unha do 2023 que están pendentes de contratación, pero as outras están xa adxudicadas e agora estalle correndo o prazo do límite que ten para facer as obras. O Plan de camiños?, o plan de camiños é o que é, tamén está limitado nunha cantidade, cada un terá a súa opinión, nós, vostede dice no aquel de Teaio, nós estudiarémolo, se interesa o de Teaio ou non. Ao voceiro do BNG, indicarlle que tanto o muro e Imo, como o muro de Bustelo, e todos esos, terase en conta que si ademais están en terreos municipais, unha das premisas deste Concello é rehabilitalos. Gracias."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Eu agora, para rematar antes da votación, quería facer o uso da palabra e acabar de remarcar dúas cousas que me aparecen importantes para que todo o mundo teña presente. Agradecerlle aos que manifestaron o seu voto a favor, ou o seu apoio a estas obras. Dicirlle aos portavoces que parece que non van a apoiar estas, este conxunto de obras, dúas cousas.*

Gracias á Deputación da Coruña que recibimos este ano 317.000 euros para inversións no Concello, podemos afrontar unha serie de gastos que polo mesmo, polo importe que vostedes xa viron na documentación que teñen, son moi, moi limitados, van 118.000 euros para gasto corrente e van para días obras, os outros 118.000 euros, 125.000, perdón. 125.000 para a rehabilitación, ollo, rehabilitación do Centro de Arte Escénicas de Dodro, cando se pon rehabilitación é porque aquí antes houbo un edificio que se entregou practicamente, que esteaba listo para funcionar e que durante un período de goberno, entendemos moitos de nós, nefasto para estes Concello, do 2011 ao 2019, e o actual portavoz de Xente de Dodro, dedicouse a desmantelalo e agora este concello ten que destinar 125.900 euros para volvelo a poñer en estado de uso, eso cada un asume as responsabilidades que ten, vostede a que ten é a de haber desmantelado e de haber levando obras que cando vostede chegou a este concello non lle gustaron porque as había feito outros, cousa que os demais, nos últimos oito anos, non movemos un ladrillo neste concello, puxérao que o puxera, hai que ser responsable e hai que ter claro as responsabilidades que ten vostede co seu Concello, ou polo menos cos seus votantes. Cando veña vostede aquí, por favor, asuma o que fixo e cando o fixo e dígalle á xente tamén, o que vai facer, se volve, porque é capaz de volver a desmontar todo o que fixemos o resto, é moi capaz, ou así o vexo e cada día que pasa, considéroo máis capaz de desmontar todas as cousas.

Respecto á portavoz do Partido Popular, agradecémoslle todos, tódalas axudas e as conversas que tivemos vostede e máis eu aquí, para tratar de conseguir o seu poio nesta votación. Como vostede ve, dende que falamos hasta agora, incluíuse unha obra máis, unha obra que xurxeu durante as negociacións e durante as suxerencias, quero decir, que este goberno, por moita maioría que estea, é capaz, desde o 14 de xaneiro, como moi ben vostede dixo, é unha proposta, pois aceptala e intentar incluíla, vale, quero decir, que este é o noso carácter e este é a nosa forma de traballar, basicamente, intentamos que as obras que se sexan as mellores para o Concello, nós temos a nosa idea, pero intentar, produto da

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

minoría que temos neste Pleno, pois que sexan as obras que maiormente os concelleiros, representantes de todos os veciños, salgan adiante, non? Entonces quero decir, que xa emprazamos para o seguinte POS, que si queren vostedes traer, empezar a discutir obras, pois empezamos xa. Está claro que hai unha limitación presupostaria e unha limitación de interese e unha limitación de que se necesitan unha serie de votos para chegar aquí e sacalos.

Ao portavoz de Unidade Veciñal, pois efectivamente, decirlle que vostede trouxo unha serie de obras, negociámolas ou falámolas, nós tíñamos evidentemente, moitos dos proxectos que vostede traía, confeccionados, e bueno, coincidían, porque parece que coinciden os intereses da maior parte dos representantes deste Concello eh!, parece que coinciden, é curioso, aínda que aquí se diga unha cousa, despois efectivamente, coincidimos case todos na maior parte dos intereses, pero temos que ter en conta a limitación presupostaria, é máis, cando vostede dixo, unha sas obras que volveu a recalcar aquí que é cubrir o parque de aquí do Concello, estamos valorando eso, pero nos parece que sería, xa o decimos, xa o traeremos e xa manteremos conversacións, parece que sería unha inversión enorme, unha inversión enorme e que ao mellor haberá que decidir neste Pleno, noutro momento, se temos que gastar todo, todo o POS dun ano en cubrir un parque infantil. Pero bueno, haberá que decidilo, porque bueno, a obra que vimos nós parecida, era unha obra de máis de 400.000 euros. Pero bueno, en todo caso, dito esto, xa digo,vamos a volver a, volveremos aquí a negociar e volveremos a negociar importes e a negociar tal.

Recordarlle que, como moi ben dixo o portavoz do Partido Socialista, que estamos pagando créditos, estamos pagando créditos á Deputación da Coruña, pedidos nun período de goberno do 2011 e do 2019, donde, están aquí os portavoces da agrupación política Xente de Doro e do Partido Popular, que se pediron alegremente para facer obras e que agora mesmo, este Pleno e este Concello ten que devolver. A frase lapidaria deste señor, aquí foi que os créditos á Deputación non se devolvían. Pida desculpas, recapacite, e publique, faga público que si que se están devolvendo, sería unha cousa bastante curioso.

Ao portavoz do BNG, o mesmo que dixemos durante as negociacións, agradecémoslle o apoio e seguiremos traballando polo ben de todos os veciños de Dodro e estudaremos calquera proxecto que se nos presente e que coincidamos a maioría.

Agradecer, se sae, o Plan de obras e servizos presentado, creo que así será, e bueno, agradecerlle aos que voten a favor e emprazalos para empezar a falar do outras cousas para a semana que ven.
Bueno, desculpade a tardanza, pero bueno, vamos a votar este punto."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

2. EMENDA DA SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2025 PARA OS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2024/A008/000044
ASUNTO: EMENDA DA SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2025 PARA OS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025
TRAMITE: PROPOSTA ACORDO – PLENO

O Pleno da Deputación da Coruña en data 29 de novembro de 2024 acordou a aprobación das BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025" - BASE 12. - POS+ADICIONAL 1/2025 GASTO SOCIAL EXTRAORDINARIO (BOP da Coruña núm. 233 do martes 3 de decembro de 2024).
Na ASIGNACIÓN FONDOS A CONCELLOS POS+AD 1/2025 ACHEGA 2025 EXTRAORDINARIA GASTOS SOCIAIS corresponden ao Concello de Dodro 33.133,01€.

No Pleno de data 14/01/2025 aprobouse participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da totalidade da achega provincial asignada aos gastos sociais á dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.

Logo de ver que se realiza un requirimento de emenda da solicitude efectuada en relación aos seguintes expedientes:

-POS+Adicional 1 - Gastos sociais extraordinarios. Solicitude xeral. (Obrigatorio)
Expediente: 2024000047825

-POS+Adicional 1 - Gastos sociais extraordinarios. Gasto Corrente (Opcional)
Expediente: 2025000001681

Logo de ver que dita emenda consiste en que deberán achegarse novamente os documentos Informe de Secretaria Intervención e Certificado do Acordo plenario modificados, por ser necesario indicar nos documentos a previsión de gastos totais e outros ingresos previstos (Xunta de Galicia, copago das persoas usuarias).

Logo de corrixidos os documentos cos importes totais previstos, en función dos datos reais de gastos e ingresos do ano 2024, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a emenda da solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, incluíndo os gastos e ingresos totais previstos no servizo de SAF DEPENDENCIA, para o que se solicitou poder aplicar a totalidade da achega provincial asignada, detallados no informe emitido pola Secretaría-Intervención do Concello, segundo se indica a continuación:
-Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2025: 33.133,01€.

-Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios: 33.133,01€.

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

		outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta Deputación)	
	(A)	(B)	(C=A-B)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.			0,00 €
c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.	604.276,86€	399.814,08€	204.462,78€
d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia.			0,00 €
e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de			0,00 €

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

servizos específicos: servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría.			
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario			0,00 €
g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais			0,00 €
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €
TOTAL GASTOS CORRENTES Estes importes totais deben reflectirse no acordo plenario (ANEXO XV)	**604.276,86 €**	**399.814,08 €**	**204.462,78 €**

Segundo.- Dar traslado da documentación de emenda á Deputación Provincial da Coruña.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Aquí prodúxose un cambio no POS adicional que xa se aprobou, simplemente un axuste nos datos que se facilitaban á Deputación provincial, que por primeira vez, dese que existe o POS social, sucede esto, e entonces, bueno, pois se trae a Pleno para a aprobación. Vou dar un turno para cada portavoz, pero bueno, en principio, non debería, non supón nada, ningún cambio, para todo o que xa se aprobou no seu momento. Portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada, non lle facer caso ao requirimento eso e aprobalo de novo aquí."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación Xente de Dodro."*

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si, nós, igual que votamos a favor de invertir os cartos deste POS en servizos sociais, concretamente nestes caso, no servizo de axuda a domicilio- dependencia, pois tamén imos votar a favor da emenda."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois, portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno, pois vamos a proceder á votación. Se ti non tes nada que dicir."*

Procédese á votación
Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Resultado: Maioría absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

3. ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DA LICENCIA DE TAXI Nº 2 DO CONCELLO DE DODRO

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2023/V014/000001
ASUNTO: PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DA LICENZA DE TAXI Nº 2 DO CONCELLO DE DODRO
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Por parte do Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 10/07/2024 acordouse aprobar o prego de cláusulas que rexería a adxudicación dunha licenza de taxi no Concello de Dodro así como o expediente; proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados puidesen presentar as proposicións que considerasen pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación; e que rematado o prazo de presentación de solicitudes, se procedese á exposición pública da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello así como no Boletín Oficial da provincia, a fin de que as persoas interesadas e as asociacións profesionais correspondentes puidesen presentar as alegacións que estimasen procedentes no prazo de 15 días de conformidade co artigo 10 do Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo e posteriormente continuar a tramitación do expediente.

Con data 07/08/2024 publicouse anuncio de licitación e o documento de pregos na Plataforma de Contratación do Sector Público, sendo presentadas as seguintes ofertas:

LICITADOR: ***122***
Razón social: PEREZ RIAL JULIAN
Data de presentación: 20/08/2024 13:18:45

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procedeuse á publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña (BOP) núm. 178 do 16/09/2024 da listaxe de solicitantes para adxudicación da licenza de taxi nº2 do Concello de Dodro, co obxectivo de que os/as interesados/as e/ou asociacións profesionais de empresarios/as e traballadores/as puidesen alegar o que estimasen oportuno en defensa dos seus dereitos no prazo de quince días, segundo o disposto no artigo

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

10 do Real Decreto 763/1979 de 16 de marzo polo que se aproba o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros.

Constando dilixencia de non presentación de alegacións no período anterior e transcorrido o mesmo, reúnese a mesa de contratación en data 29/10/2024 a fin de proceder á apertura dos Sobres A , adoptando os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO.- Requirir ao PÉREZ RIAL, JULIAN con DNI ***122***, para que no prazo de tres días naturais, a contar desde a data da comunicación, SUBSANE os erros advertidos na documentación presentada, de xeito que presente os compromisos do Anexo I do prego de cláusulas.*

SEGUNDO.- SUSPENDER o acto ata a subsanación (ou non) por parte do interesado, nos termos requiridos".

Con data 30/10/2024 16:31 h, foi presentada documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP) por parte do licitador PÉREZ RIAL, JULIAN con DNI ***122***.

A mesa de contratación reuniuse o 06/11/2024 a fin de comprobar a documentación requirida a efectos de subsanación, resultando ser correcta de xeito que entendeu procedente admitir definitivamente ao único licitador presentado:

A mesa de contratación en sesión do mesmo día 06/11/2024 procedeu á apertura do Sobre B relativo aos criterios avaliables automaticamente e á valoración dos mesmos, sendo o seguinte o resultado acadado:

Criterios cualificables automaticamente	Puntuación
A.1. Criterios non económicos	
Experiencia profesional como condutor ou condutora de taxi, como asalariado ou autónomo e/ou dedicación previa á profesión de taxista, acreditado mediante a oportuna licencia, no seu caso, e altas fiscais, ou contrato ou certificado de empresa e vida laboral: NON	0
Ter experiencia profesional no transporte de viaxeiros ou no transporte de mercadoría, como asalariado ou autónomo, acreditado mediante contrato ou certificado de empresa e vida laboral, ou altas fiscais: NON	0
Vehículo polivalente especialmente adaptado para transporte de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida, durante un tempo mínimo de 3 anos: NON	0
Dispoñibilidade horaria: XORNADA COMPLETA CON SERVIZO NOCTURNO	10
Antigüidade do vehículo (data de primeira matriculación): MENOS DE SEIS MESES	10
Polas características ambientais do vehículo (segundo os distintivos da DGT): DISTINTIVO ECO	5
A.2. Criterios económicos	Puntuación
Oferta económica (canon): 14.000,00 euros	15

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

PUNTUACIÓN TOTAL	40

Na citada sesión a mesa de contratación adopta os seguintes acordos:

"PRIMEIRO.- Admitir definitivamente ao licitador presentado seguinte:

- *LICITADOR: ***122****
- *Razón social: PEREZ RIAL JULIAN*

SEGUNDO.- Propoñer ao órgano de contratación outorgar a seguinte puntuación ao único licitador presentado:

LICITADOR	*RAZÓN SOCIAL*	*PUNTUACIÓN*
****122****	*PEREZ RIAL JULIAN*	*40 puntos*

TERCEIRO.- Formular proposta de adxudicación da licenza de taxi número 2 do Concello de Dodro, ao tratarse do licitador que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

Dispoñibilidade horaria: XORNADA COMPLETA CON SERVIZO NOCTURNO
Antigüidade do vehículo (data de primeira matriculación): MENOS DE SEIS MESES
Polas características ambientais do vehículo (segundo os distintivos da DGT): DISTINTIVO ECO
Oferta económica (canon): 14.000,00 euros"

En sesión realizada polo Pleno da Corporación municipal o 14/11/2024 acordouse:

"PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación, admitindo á mesa ao único licitador presentado:

*LICITADOR: ***122****
Razón social: PEREZ RIAL JULIAN

SEGUNDO.- Clasificar por orde decrecente as ofertas admitidas e non excluídas ou rexeitadas, ordenándoas de forma decrecente en función da puntuación obtida e que a continuación se indica:

LICITADOR	*RAZÓN SOCIAL*	*PUNTUACIÓN*
****122****	*PEREZ RIAL JULIAN*	*40 puntos*

*TERCEIRO.- Requirir ao licitador PEREZ RIAL JULIAN con NIF ***122***, a fin de que dentro do prazo de DEZ días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en*

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que recibira o requirimento, presente:
a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Xunta de Galicia e Concello de Dodro) e coa Seguridade Social, no caso de que non puidera comprobarse esta polo Concello, por calquera causa.
b) Documentación acreditativa do réxime de utilización do vehículo que se vai a adscribir ao servizo e do cumprimento por este dos requisitos técnicos esixidos pola normativa vixente e polos pregos e, no seu caso, a documentación acreditativa das condicións alegadas para a valoración.
c) Seguro de responsabilidade civil polos danos que poda ocasionarse no transcurso do servizo, nos termos establecidos pola normativa vixente.

CUARTO.- Remitir á Dirección Xeral da Xunta de Galicia competente en materia de transportes a documentación da persoa seleccionada, co fin de que no prazo máximo de TRES meses emita informe de modo vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular de autorizacións interurbanas de taxi, de acordo co disposto no apartado 4 do artigo 16 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia."

Efectuado requirimento ao interesado, preséntase documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o 04/12/2024.

Reunida a mesa de contratación a fin da comprobación da documentación, efectúase novo requirimento que é contestado en data 30/01/2025.

Reunida a mesa de contratación o 31/01/2025, acorda prestar conformidade á documentación presentada por JULIÁN PÉREZ RIAL, con DNI ***122***, en relación á proposta do Pleno de adxudicación da licenza de taxi número 2 do Concello de Dodro, por considerala completa e xustificativa dos requisitos previos, de acordo co PCAP.

Considerando que a competencia corresponde ao Pleno da Corporación municipal e á vista de todo o anterior, **PROPONSE** ao PLENO a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Adxudicar a licenza de taxi número 2 do Concello de Dodro a JULIAN RIAL PÉREZ, con DNI ***122***, expediente 2023/V014/000001, de acordo co establecido no Prego de cláusulas e coa oferta presentada seguinte:

- Dispoñibilidade horaria: XORNADA COMPLETA CON SERVIZO NOCTURNO
- Antigüidade do vehículo (data de primeira matriculación): MENOS DE SEIS MESES
- Polas características ambientais do vehículo (segundo os distintivos da DGT): DISTINTIVO ECO
- Oferta económica (canon): 14.000,00 euros

Segundo.- Notificar aos licitadores o presente acordo, requirindo ao

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

adxudicatario o pagamento do canon ofertado no prazo de 10 días hábiles a contar desde a recepción da notificación.

Terceiro.- Comunicar á Dirección Xeral competente en materias de transportes da Xunta de Galicia a identidade do adxudicatario así como os datos da licenza, do vehículo e demais esixibles, de conformidade coa normativa reguladora aplicable.

Cuarto.- Publicar o acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Hai unha proposta de, por fin, remate do expediente, que si que dou moito traballo e foi complicado por diversos, diversas historias, pero remata hoxe a adxudicación dun novo servizo de, dunha nova licenza de taxi no concello de Dodro, esperemos que sexa polo ben dos veciños e que funcione e que sexa por moito tempo. Un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista de Galicia."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE: *"Nada, logo da tramitación do expediente, adiante ca licencia de taxi."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Nada que dicir."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: *"Si, bueno nós esperaríamos que fose máis áxil a tramitación, uns sete meses para unha licenza na que solo se presentou unha sola oferta, por exemplo, dende que se aprobou o prego de cláusulas aquí, no Pleno, tardouse máis dun mes en publicarse na plataforma de contratación, e así case todo o resto de procedemento, ou sea, esperaremos que a próxima, se hai, que sea un pouco máis áxil."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si,*

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

rapidamente, pensamos que tiña que ser todo esto máis áxil, pero bueno, os prazos tamén son os que son, o persoal municipal é o que é , e bueno, non depende única e exclusivamente, entendemos, do concello de Dodro a tramitación, entón, polo, non lle corresponde ao concello de Dodro, pero si agradecería toda a veciñanza que neste tipo de asuntos, que fora máis, máis áxil a resolución."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben, pois eu dito esto, tamén, antes de pasar á votación, quería dicir, que a, tiña aquí apuntado de antes, non o dixen, pero para que esto funcione mellor e para que esto sexa máis áxil a contratación e que as obras do POS do ano, salgan o máis rápido posible, qeu é o que quere este alcalde e que é o que quere este grupo que está en minoría aquí gobernando, é que todo salga de xeito inmediato, Dicirlles que tamén é unha cuestión monetaria, o concello de Dodro ten o persoal que ten, ten as limitacións que ten, económicas, sobre todo, e para contratar unha persoa que se encargase de contratación e fixese esto moito máis áxil, falaríamos todavía de outros 40 ou 45.0000 euros/ ano, entón bueno, recordarlle que estamos facendo o que podemos, as funcionarias e os funcionarios do concello traballan a reo e de feito, parte dos prazos, como moi ben veu o portavoz do BNG, non dependen solo da rapidez na contratación, dependen da tardanza dos concesionarios en entregar ou non entregar aquí a documentación. Dicirlles que na concesión da primeira licenza de taxi, creo que se lembran, houbo un intento previo por parte do anterior goberno, que non foi adiante, non se consigueu e houbo un segundo intento que si que se consigueu, pero foi bastante máis largo que este proceso, este proceso rematou ben á primeira e parece que vamos a ter o servizo funcionando. En todo caso, bueno, pois nada, pasamos á votación, se procede."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 11
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
3 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Unanimidade
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

Ás 10:35 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: HmrIcg1MteDXag5wt8WX Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.